

## MEMORIA DA ALCALDÍA

### CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS PARA A ADQUISICIÓN DE MEDIOS MATERIAIS PARA A RECOLLIDA SEPARADA DOS BIORRESIDUOS E A REALIZACIÓN DAS CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN ASOCIADAS AOS MESMOS, PARA O CONCELLO DE TEO, RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL

**FINANCIADO** ao abeiro da Orde de 1 de xuño de 2023 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, (código de procedimemento MT975P).

#### 1. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E INSUFICIENCIA DE MEDIOS

A necesidade de celebrar este contrato, así como a insuficiencia de medios xa se contemplou na Memoria para as axudas, que se adxuntou á solicitude da subvención da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, convocada por Orde de 1 de xuño de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, (código de procedimemento MT975P), convocada ao abeiro da Orde de 1 de xuño de 2023 (DOG nº 112 do 14 de xuño de 2023):

*“...O concello aínda non ten iniciada a implantación da recollida separada de residuos no casco urbano, polo que teremos que poñer en marcha o proceso de transmitirlle á cidadanía que este será o modelo escollido para a área urbana. Debemos iniciar a programación das accións para a dinamización entre as familias dentro do casco urbano para a implantación da recollida*

*separada de materia orgánica, tendo un obxectivo de 1.000 vivendas participantes.*

*3. Número de habitantes e número de grandes xeradores atendidos polo proxecto.*

*Estas serán as vivendas obxectivo para a implantación final do proxecto, tendo en conta que é de participación voluntaria, a nosa oferta vai dirixida ao 100% da poboación do noso concello que aínda non participa na recollida separada da materia orgánica, sendo este o noso reparto poboacional e tamén o número de vivendas existente no ámbito. Cando falamos de “cantidades obxectivo” é sobre o calculo que realizamos das familias que voluntariamente participarán no proxecto, aínda que en algún caso para a implantación definitiva deste obxectivo necesitamos traballar na mesma durante varios anos... 9. Actuacións de formación, información e sensibilización realizadas á poboación involucrada no proxecto, perfectamente detalladas. Tal e como indican todos os estudos sectoriais e as propias directivas da Xunta, do Ministerio e da propia UE, as accións de difusión da reciclaxe son fundamentais para seu éxito, mais nun cambio social tan grande como é a introdución da fracción orgánica, contamos no núcleo urbano cun local no que se pode achegar a cidadanía, darse de alta e recoller o seu kit.”*

Todo elo ao abeiro das competencias municipais de acordo co artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local.

## **2. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO**

**Administración contratante:** Concello de Teo

**Tipo de contrato:** Mixto subministro e servizos

**Obxecto do contrato:** ADQUISICIÓN DE MEDIOS MATERIAIS PARA A RECOLLIDA SEPARADA DOS BIORRESIDUOS E A REALIZACIÓN DAS CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN ASOCIADAS AOS MESMOS, PARA O



## CONCELLO DE TEO, RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo mixto de subministro e servizos, de acordo co artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

**Procedemento de contratación:** Procedemento aberto simplificado sumario do art. 159.6 LCSP.

**Tipo de tramitación:** urxente.

**Código CPV:**

Código CPV	Descrición
34928480-6	Colectores para residuos
79340000-9	Servizos de publicidade e mercadotecnia

**Forma de presentación de ofertas:** electrónica (PLCSP)

**Ofertas anormalmente baixas:** referida a anormalidade no prezo.

### 3. DIVISIÓN EN LOTES.

Non procede dado que se trata dun subministro moi pequeno.

### 4. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN

**Aplicación orzamentaria:** 1621/623.00

**Valor estimado:** 62.200,00 €



**Orzamento sen IVE:** 62.200,00 €

**IVE:** 13.062,00 €

**Orzamento total:** 75.262,00 €

	total sen ive (€)	ive	total con ive (€)
Orzamento base de licitación	62.200,00	13.062,00	<b>75.262,00</b>
Subministro	39.700,00	8.337,00	48.037,00
Servizo	22.500,00	4.725,00	27.225,00

**Duración do contrato/prazo de entrega:** O prazo máximo de entrega dos produtos a fornecer é de seis semanas desde a aceptación por parte do adxudicatario da resolución de adxudicación ou formalización do contrato.

O período de execución do conxunto de medidas de información e sensibilización recollidas no PPT será como máximo ata o 30 de novembro de 2024.

A prórroga non será posible

**Prazos parciais:** segundo pregos

Financiamento: ao abeiro da Orde de 1 de xuño de 2023 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, (código de procedemento MT975P).



## 5. SOLVENCIA.

De acordo co art.159.6 LCSP se exige aos licitadores de acreditar a solvencia.

## 6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

### **Criterios avaliados de forma automática: 100 puntos**

Os criterios que servirán para a valoración das proposicións e determinación da oferta máis vantaxosa serán :

#### FASE ÚNICA

##### 1.- Criterios avaliados mediante fórmulas Anexo I

Oferta económica: Terase en conta o importe ofertado por cada licitador excluído o IVE, de forma que o que presente a oferta máis reducida, obterá 100 puntos, e valoraranse as demais propostas presentadas de forma proporcional, inversa.

## 7. RESPONSABLE DO CONTRATO

Será responsable do contrato o concelleiro Rogelio Lema Mougán, e o departamento encargado do seu seguimento Medio Ambiente.

Na data da sinatura

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz